

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O “CPI Atios” atópase no Concello de Valdoviño, sendo este un concello de 8 parroquias, maioritariamente de tipo rural. Debido ás súas praias e o entorno paradisíaco no que se atopa estase a incrementar a poboación, principalmente no verán. Podemos dicir que é un Concello turístico e o alumnado goza de espazo no que poder xuntarse ao aire libre e coñecer tamén deportes como son o surf, a vela... moi en auge nos últimos anos. Isto contribúe a que o alumnado se vexa estimulado na aprendizaxe dunha LE, e nos seus aspectos interculturais **para coñecer, comprender e respectar a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e que contribúen a que poida exercer esa cidadanía global independente, activa e comprometida nunha sociedade democrática, pacífica e participativa como queremos que sexa o Concello de Valdoviño.**

É un centro aberto a toda a Comunidade Educativa e que conta co apoio do Concello en canto a actividades complementarias e extraescolares, e que ao longo do curso académico implícase nas actividades que a Casa de Cultura e Biblioteca Municipal propoñen, así como acontecementos que van aparecendo ao longo do ano. Por iso, esta P.D. aproveitará as posibilidades da contorna.

No curso académico 23-24 o alumnado de 4º está dividido en dúas aulas, contando unha cun número de 23 alumnos e alumnas; e outra con 24 alumnos e alumnas, moi heteroxéneo en ambos casos. Son cursos difíciles en canto que é alumnado que aínda arrastra as secuelas do confinamento, ao seren moi pequenos nese ano, teñen falta de concentración e aínda que resolutivos, falta a cohesión de grupo. O cambio de actividade produce unha dispersión moi alta na maioría, facendo que sexa difícil rentabilizar o tempo que pasan na sesión de LE.

Este ano contamos cun aula específica que fará que ese alumnado teña moitos máis recursos visuais que axudarán á súa autonomía e facilitarán o traballo individual e en grupo.

Usarase dende o inicio a LE como lingua vehicular (sempre que non altere a comprensión básica dos coñecementos) e acompañarase co visual, para que o alumnado adquiera o hábito de recoñecer hábitos de traballo de forma natural no idioma estranxeiro. Traballaranse as estruturas lingüísticas básicas de forma oral para que o alumnado poda relacionadas máis adiante cos contidos gramaticais que despois serán motivo de reflexión para a consolidación de ditas estruturas, e relacionalas tamén coas nosas propias linguas. Será moi importante estar pendiente de alumnado que participa menos para contribuir á autoconfianza e ao enriquecemento lingüístico do noso alumnado. Poñerase especial énfase na ensinanza significativa, partindo sempre dos seus centros de interés e do entorno máis inmediato ao alumnado e ao propio centro escolar.

Por último, dicir que o alumnado de 4º dispón de material dixital, como son os ordenadores individuais que contextualizan a aprendizaxe da CD e dá relevancia á LE, como instrumento da nosa aprendizaxe global.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	What's the weather like? My calendar.	Nesta unidade o alumnado revisará o vocabulario do tempo. Números, ABC, Datas, Días da semana, meses...	10	10	X		
2	What are you like?	Personal Pronouns, "To Be", "To have". "Can", partes do corpo, adxectivos sobre personalidade.	20	20	X		
3	What do you do everyday?	Rutinas. Partes del día. Horas. Hobbies. Sports. Presente simple.	20	25		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	What is your family doing?	Present Continuous. Members of the family. Pets.	20	20		X	
5	Valdoviño: Our land, our sea.	There is/There are. Partes dun pobo. Preposicións de lugar.	10	15			X
6	Telling stories.	Food. Jobs. Clothes. Costumes doutros países...	20	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	What's the weather like? My calendar.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Contestar de forma oral a data e o tempo do día que corresponda.	TI	100
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Identificar as palabras similares e aquelas que non teñen similitude, tanto no calendario como nas letras do abecedario, números...		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Reflexionar sobre as semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da

Contidos

- comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	What are you like?	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar e recoñecer de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	PE	30
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	TI	70
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Reflexionar oralmente sobre os progresos no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades conxuntas.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	What do you do everyday?	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Reproducir mensaxes breves, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	TI	100
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar, de forma guiada, os coñecementos para aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Mostrar rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
4	What is your family doing?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento e seguindo un modelo previamente traballado.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, ou a linguaxe non verbal.	TI	60
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Reflexionar oralmente, de xeito guiado, sobre o aprendido.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	Valdoviño: Our land, our sea.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, traballados previamente.	PE	20
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos que sexan sinxelos para eles.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para reproducir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada os modelos traballados previamente, para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Reproducir, de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e reprodución de información, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	TI	80
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Reflexionar sobre o aprendido, con apoio doutros participantes.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Padróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
6	Telling stories.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Reproducir oralmente frases curtas, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Reproducir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica de forma guiada, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente P.D. remítese, en primeira estancia, ás liñas de actuación reflectidas no currículo que se levarán adiante ao longo do curso.

As diferentes U.D. permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como os elementos transversais, dos obxectivos de etapa e están pensados para a consecución do logro de cada un dos C. A. establecidos ou, cando menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das CC correspondentes, de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da E.P.

- Teranse en conta a ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico, utilizando materiais visuais e variados como páxinas web, presentacións dixitais, vídeos curtos que faciliten chegar a nenos e nenas de calquera nivel educativo ou con diversidade de aprendizaxe e, en consecuencia, incluílos, na actividade da

aula.

- Poñeranse especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, partindo da acción tal e como propón o Marco común Europeo de referencia.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

- A comprensión oral e escrita constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.

- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende a área de Lingua Inglesa colaborarase no desenvolvemento de proxectos e tarefas doutras áreas, na medida do posible, de tal xeito que garantiremos a interdisciplinabilidade e abordarase a lingua dun xeito significativo, motivador e relacionado cos intereses e motivacións do alumnado.

- O papel da profesora será o de guía e acompañante e aproveitaranse todas as situacións que o ámbito escolar ofrezca para introducir a Lingua Estranxeira en substitución das materns do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use.

- A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais será necesaria para evitar a repetición de contidos propios das aprendizaxes de calquera lingua (estratexias de comprensión, produción e coprodución, interacción e mediación lingüística), a tipoloxía textual, a definición de termos lingüísticos, e a utilización de terminoloxía

similar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Ordenador e canón.
-Páxinas web específicas de cancións e historias relacionadas coa aprendizaxe de L.E
-Aula Virtual do CPI ATIOS-VALDOVIÑO, curso de inglés
- Biblioteca de aula e de centro.
- Diferentes textos para dramatizar oralmente.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
-Libreta de traballo.
-Ordenadores de aula.
-Diccionario dixital.
-Revistas, xornais, folletos publicitarios...
-Xogos de mesa.
- Aula de inglés.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En cada nivel, durante o mes de outubro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha Avaliación Inicial do alumnado, na que participarán o profesorado e o Equipo de Orientación, co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos e competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica ás necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas. No caso deste curso concreto, 4º Nivel de Primaria será, tamén, importante o intercambio de información coa outra profesora de L.E. de Primaria dos

cursos anteriores, xa que neste nivel prodúcese o cambio de profesora. Será importante a información da súa anterior profesora.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	20	20	10	20	100
Proba escrita	0	30	0	40	20	0	16
Táboa de indicadores	100	70	100	60	80	100	84

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establecémoslos utilizando :
 Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros, segundo o traballado en cada UDI, e predominará o procedemento máis utilizado en cada unidade. Terase en conta, tamén a observación diaria e a participación e interese do alumnado na materia: a participación, o esforzo no traballo cooperativo cando se realice...

Instrumentos: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita
 As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de

consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar. Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez ,menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas , técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

No caso do alumnado con dificultades de aprendizaxe, acordaranse apoios e reforzos na aula. Tomaranse

medidas unha vez acordadas co resto do profesorado e co Departamento de Orientación do centro. Teranse en conta os mínimos establecidos nos Criterios de Avaliación de cada UDI e primará a comprensión oral e escrita sobre a produción e máis os procesos de adquisición da materia que o resultado en si mesmo. Teranse en conta as características individuais de cada estudante e o seu ritmo de aprendizaxe así como as súas capacidades e o progreso con respecto ao inicio de cada ciclo.

6. Medidas de atención á diversidade

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo, practicas orais en parellas ou grupos... convertirase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto

de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos intentan dar una resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios dirixíranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

Favoreceremos a flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da L.I.

Así mesmo, o alumnado de Altas Capacidades terá á súa disposición recursos para a ampliación de contidos e competencias dentro do curso corrente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Día Mundial do Teatro						X
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Resolución Pacífica de Conflictos	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Procurarase integrar cando menos estes apartados nas nosas UDIs, traballando os contidos con actividades relacionadas con eses elementos transversais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	AproveAproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores.	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maíos, 8-M, Dereitos da Infancia.	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Saint Patrick, Thanksgiving.¿	X		

Observacións:

Na medida do posible propoñemos:

- Participar nas celebracións de festas populares co Centro (magosto, entroido, samaín, maíos. . .) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)
- Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas.
- Acudir á Casa da Cultura para presenciar os actos culturais que se nos ofrezan.
- En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas polo profesorado de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo. Tal e como establece o currículo LOMLOE, trataremos de relacionar a LE e as culturas das que forma parte, coas efemérides que se celebren no centro e fóra del.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Sacóuselle o suficiente partido á aula específica de inglés, á biblioteca e a outros recursos do centro.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Foi axeitada a confianza entre alumnado e profesora.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinaciónre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel,do profesorado de LE co de CLIL.
Outros
Produción de lingua do alumnado.

Descrición:

Con estes indicadores, valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado. Serán analizados e revisados ao final de cada trimestre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A análise que se fará a final de cada trimestre, con axuda de profesorado do ciclo e alumnado: entrevistas persoais, enquisas, avaliación do propio alumnado, valerá para compensar e mellorar o deficit que se presente en cada un dos indicadores de logro.

9. Outros apartados